

YARA

[Abbas Fahdel, 2018]

488

PASE ÚNICO EN NUMAX: 18.02.2019 | V.O.S.E.

Yara (2018, 100')

Dirección: Abbas Fahdel

Guión: Abbas Fahdel

Elenco: Michelle Wehbe, Elias Freifer, Mary Alkady, Elias Alkady, Charbel Alkady

Son: Abbas Fahdel

Montaxe: Abbas Fahdel

Fotografía: Abbas Fahdel

Produtora: Abbas Fahdel (Líbano)

Distribuidora: Abbas Fahdel

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Árabe

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2018 (Sección Oficial), Mar del Plata 2018 (Sección Oficial), Xixón 2018 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA

Homeland (Irak Année Zéro), 2015

L'aube du monde, 2008

Nous les irakiens, 2004

Retour à Babylone, 2002

SINOPSE

Líbano, montañas entre vales, catro ou cinco animais de curral e unha casa con dúas mulleres: Yara, adolescente orfa da guerra, e a súa avoa. E nese medio da nada aparece un compañeiro de amor primeirizo co que xogar ao namoramento e consolarse da tristura que está a chegar porque el vai marchar axiña cara a Australia.

Proxección organizada en colaboración co Festival Internacional de Cine de Xixón

«Todo artificio ou costura melodramática foi a prol dunha descrición de vidas comúns, na busca dunha verdade oculta tras as imaxes e sons da realidade»

Diego Brodersen, PÁGINA 12

OS OLLOS VERDES 18/19

OCINEMA INÉDITO DE NUMAX

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



“Para min era moi importante facer este filme cos habitantes do lugar”

Entrevista con Abbas Fahdel

A súa intención inicial era filmar en Francia. Que foi o que lle fixo cambiar de opinión sobre a localización, e por que elixiu o norte do Líbano?

Yara non existiría sen o lugar onde se filmou, é un personaxe principal do filme. Despois de tres meses de procura en Francia, e sen atopar un lugar que se correspondera co que quería -isto é, un recuncho rural illado no medio dunha natureza salvaxe e preservada-, decidín filmar no Líbano, nun val que coñecía e que sabía que sería perfecto como locación para a miña historia.

Como foi o proceso de familiarizarse coa rexión e a súa cultura? Os actores son os habitantes reais da aldea?

Descubrín o val de Kadisha un ano antes de rodar o filme. Un mes antes instaleime na granxa onde máis tarde se filmaría a película. A granxa pertencía a unha vella granxeira, Mary Alkady, a quen convencín para que interpretara o rol da avoa de Yara. Os seus dous fillos, Elias e Charbel, tamén actúan no filme, e os seus fillos pequenos. Para min era moi importante facer este filme cos habitantes do lugar, e facelos actuar practicamente de si mesmos. Isto dálle aos personaxes e ao filme unha autenticidade, unha verdade que non podería obter con actores profesionais estranxeiros ao lugar.

Este é o seu primeiro filme de ficción en dez anos, e tamén é unha historia de amor. Cre que os seus traballos previos documentando a guerra de Iraq influenciaron na súa maneira de facer ficción?

Despois da dolorosa *Homeland (Iraq Année Zéro)* necesítaba facer un xiro cara a vida, a beleza e a esperanza. Un personaxe de Dostoievsky dicía que a beleza salvaría ao mundo. Quizais sexa unha utopía, pero aínda teño a gana e a necesidade de crer niso. *Yara* está en parte inspirada en dúas grandes secuencias campestres de *Homeland*:

aquelas que suceden na cidade de Heet á beira do río Eufrates. Esas dúas secuencias evocan unha sorte de xardín do Edén perdido, un tema que está no corazón de *Yara*, con ese val magnífico no que a maioría dos habitantes están mortos ou emigrados no estranxeiro.

Publicado en mardelplatafilmfest.com

* * *

Inspirado en *La joven* de Luís Buñuel e en *Al azar, Baltasar* de Robert Bresson, Fahdel escribiu un guión sobre un amor de mocidade que transcorre na campiña francesa. Por cuestións de financiamento, o romance entre Yara e Elias tivo que situarse noutro continente. Esa nova localización modificou o sentido da ficción, alterando por completo a esencia afrancesada que Fahdel quería dotar ao seu filme. No entanto, aínda que a trama suceda nunha remota aldea do Líbano, *Yara* é fiel aos seus referentes e, por iso, mantén un diálogo secreto con Buñuel e Bresson. Na súa quinta longametraxe Abbas Fahdel demostra o seu rexeitamento pola separación teórica entre a ficción e o xénero documental. Nesta ocasión, rexistra e estuda o cotián daqueles habitantes illados polas altas montañas, a convivencia entre distintas relixións nun mesmo país, e a emigración dos mozos libaneses, lonxe de Oriente Medio, por razóns políticas ou económicas. Así mesmo, a análise das devanditas cuestións coexiste coa invención dun romance estival entre unha aldeá e un forasteiro que descubrirá unha aldea ao perderse nunha excursión. O cinema de Abbas Fahdel é único na súa forma de representar o territorio. Os seus filmes inmortalizan a autenticidade dos lugares escollidos, así como o día a día de quen viven neles. En *Yara* asistimos a unha sacralización do espazo e dos individuos que se moven nel. Fahdel non intervéñ no fluir do lugar para adecuar o seu filme. Máis ben, a súa presenza debe pasar inadvertida, posto que o seu labor é non desnaturalizar a contorna. A súa cámara funciona como un artefacto coñecedor da verdade oculta detrás deses mundos afastados e dos rostros dos seus habitantes.

Publicado en cineuropa.org por Carlota Moseguí
Traducións: Olalla Cociña

O DIRECTOR

Abbas Fahdel naceu en Irak e vive desde os 18 anos en Francia, onde estudou cinema. No 2002 regresou ao seu país natal para filmar o documental *Volver a Babilonia*. Un ano máis tarde, ao volver a Irak, atopou un país sacudido pola violencia, o pesadelo da ditadura remprazado polo caos da ocupación americana, momento histórico sobre o que xira o seu segundo documental, *Nosotros los iraquíes*. No 2008, dirixiu a longametraxe *Aurora del mundo*, onde dá conta dos impactos das guerras do Golfo. No 2015 dirixe *Patria (Irak, ano cero)*, un documental monumental de 334 minutos de duración.

NA LIBRARÍA NUMAX

Homeland, Irak Année Zéro, VOL 1. et 2. Blaq out [DVD]

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX* proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional. *Os ollos verdes* conta co apoio da **Universidade de Santiago de Compostela**, o que permite o acceso con **tarifa reducida** ao alumnado da USC inscrito na ciclo, que ademais pode acadar **1 crédito ECTS** acudindo a un mínimo de 12 sesións ao longo do curso 2018/2019 e realizando un traballo á conclusión. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org